

O GALO CANTA

REVISTA CULTURAL PARA
TODO O GALIÑEIRO

Número 1

**Ás Irmandades
da Fala, polo moito
que lles debemos!!!**

**Dunha cantiga de
amiga e doutras
historias por contar**

**A significación
histórica do
Panteón Real**

**Unha visita á
cerna da arte do
Mestre Mateo**

**«Alba de Goria»
de Castelao
no Pico Sagro**



- ABRINDO A CANCELA**
- 2 **O Galo canta**
María Antonia Pérez Rodríguez
- QUIQUIRIQUÍS**
- 4 **Ás Irmandades da Fala, polo moito que lles debemos!!!**
Mercedes Espiño Amil
- 7 **O Reino Suevo de Gallaecia**
Xosé Castro Vázquez
- 10 **A significación histórica do Panteón Real**
Anselmo López Carreira
- 15 **Presentación en Compostela do poemario 1968 de Vitor Vaqueiro**
José Alberto García Suárez
- 20 **Dunha cantiga de amiga e doutras historias por contar**
Carlos Callón Torres
- 24 **Unha visita á cerna da arte do Mestre Mateo**
- 28 **Entrevista a Xesús Borrageros**
Iria Méndez
- 30 **Biografía de Isaac Díaz Pardo**
Esperanza Mariño Davila
- NO ALTO DO POLEIRO**
- 35 **Intervención de Mercedes Queixas Zas na subida ao Pico Sagro o 21 de xullo de 2018**
- 39 **Intervención de Marica Campo na subida ao Pico Sagro o 22 de xullo de 2017**
- FOI ANTES O OVO OU O GALO?**
- 42 **46 anos do Galo**
Salvador García-Bodaño
- CRISTAS**
- 45 **Cristas 2018**
- 62 **Cristas 2017**

O Galo canta

Edita

Agrupación Cultural O Galo
Avenida de Lugo, 2A,
Entresollado A
15702 - Compostela
ogalo.ac@gmail.com

Fundada en 1961

Xunta Directiva

Presidenta
María Antonia Pérez Rodríguez

Vicepresidenta
Manuel Suárez Varela

Secretaria
Mercedes Espiño Amil

Tesoureira
Esperanza Delgado Rosende

Vogais
Marcos Maceira Eiras
Luis Martul Tobío
Luis Gonçalves Blasco
Almudena Taboada Castro

Coordinación deste número

Mercedes Espiño Amil
Roberto Vilameá Ponte

Deseño e Maquetación

Diego Núñez Álvarez

Depósito Legal: C 2298-2018

Fecha de edición: 10 de
dembro de 2018

Tiraxe: 500 exemplares

Imprime: Tórculo

Dunha cantiga de amiga e doutras historias por contar^{*}

Houbo un pleno do Concello de Santiago de Compostela onde se debateu sobre literatura medieval tanto como nalgúns congresos de especialistas na materia. Foi no 16 de xuño de 2016. Faltaba pouco para a celebración do Día do Orgullo e, con ese motivo, os partidos valoraban a posibilidade de penduraren unha placa na rúa da Moeda Vella, ao pé de San Martiño Pinario. Segundo uns versos escritos polo século XIII, alí viviron a parella de María Leve e Sancha Pérez.

O mesmo feito do debate fíxome feliz, non o hei de negar, pois estiven reivindicando esa inscrición desde había tempo, como alí lembrou con xentileza a representante do PSOE, Milagros Sánchez.

A información que nos chega sobre esta parella nos cancións pode parecer nos anecdótica, mais ten un grande relevo, pois é o único caso en toda a Europa do Medioevo en que se nos transmitiu, sen ser unha condena xurídica, o nome completo de dúas mulleres que se amaban (si, o trobador que nos conta sobre elas fala de «amor», aínda que sexa con sarcasmo e despeito). Aínda por riba, tamén sabemos a zona en que moraban, ou en que moraron ou pensaron en morar durante un tempo. Falamos sempre segundo unha probábel interpretación deses versos, pois xa sabemos como é o abano de comprensións que abre o equívoco.

Con esa placa, pois, avánzase un chanciño na memoria histórica das mulleres en xeral, do desexolésbico en particular, e tamén se axuda a diversificar o coñecemento sobre o patrimonio pétreo de Compostela, que non é só litúrxico. Fronte ao continuado manto de silencio e negación, un pouco de voz. Porque as mulleres (non digo sólésbicas ou bisexuais: as mulleres), a pesar de que durante milenios aparezan apartadas dos grandes titulares da Historia que nos contan, abofé que existiron.

* As liñas que van a continuación, escritas en ton divulgativo, queren achegar un pouco de información sobre as pesquisas que levo realizando desde hai varios lustros por volta das relacións afectivosexuais entre homes e entre mulleres na Idade Media, en especial a través dos testemuños do trobadorismo galego. Aínda que xa teño realizado publicacións sobre o tema, será para o ano cando se edite o meu estudo máis completo e ambicioso a este respecto.

Carlos Callón, na parte inferior da foto, diríxese ao público asistente –na rúa da Moeda Vella– á visita guiada «Lésbicas e sodomitas na Compostela medieval e moderna»



Votaron a favor da iniciativa os grupos de Compostela Aberta, o PSOE e o BNG. O PP abstívose. O seu representante, Alejandro Sánchez Brunete, deu argumentos do máis variado para o xustificarse. Sustentou que «a interpretación da obra literaria debe ser libre e por iso non deben existir interpretacións oficiais», mais noutras veces deu a lectura única de que esas cantigas suporían «no seu momento, unha intromisión ilexítima na vida de dúas mulleres» e considerou que o feito de que unha delas se chamase «María Leve» sería claramente «machista»: «Non nos parece oportuno valorar como exemplar e ofrecerlle ás novas xeracións como referencia unha cantiga en que a muller parece vinculada ao adxectivo leve».

Após se deter nun ou noutro meandro, sen se importar polas súas incoherencias, concluíu: «En vista destas valoracións e de que o Grupo Popular entende

que está máis que normalizada a vivencia plural da sexualidade, ímonos abster». Ah, ese era o problema! Que a «vivencia plural da sexualidade» xa está «máis que normalizada» e entón non fai falta que se coñezan referentes do seu pasado!

A traballada abstención do PP é útil para comprendermos como pode ser de problemático evitar os prexuízos homófobos en xeral, e lesbófobos en particular, para realizar pesquisas históricas e, sobre todo, algunhas das dificultades que podemos achar hoxe no camiño para divulgar os resultados daquilo que limpamente nos encontremos. Primeiro, ponse en cuestión o que os textos din cando os textos din o que din: «a interpretación debe ser libre». E tan libre! Hai unha cantiga en que Afonso Eanes do Cotón lle espeta a María Mateu que é «tan desejosa de cono como eu». Non se pode considerar que sexa moi sutil. Porén, tampouco serve: hai quen deixou

por escrito, en traballos presentados como académicos, que non existen elementos para considerar que María Mateu fose lesbica. Poderíamos dicir que todas e todos somos heterosexuais até que se demostre o contrario. Mais o caso é como demostralo se ningunha proba é válida.

En segundo lugar, indícase que esa información non debería ser divulgada porque é ir contra a honra desas mulleres de hai oito séculos. Se ese argumento se estendese a outros casos, conlevaría fecharnos as facultades de Historia. «As cartas entre Livia Drusila e Augusto non deben ser publicadas, porque atentan contra o dereito á intimidade destas dúas persoas». Alguén é capaz de imaxinar tal cousa?

Por último, e sen ter en conta o anterior, alégase que non é necesaria ningunha acción porque non existe ningún problema que faga preciso dar a coñecer a existencia de relacións homosexuais anteriores ao século XII. A heterossexualidade obrigatoria, en fin, debe reinar, sen referentes que cuestionen a súa lenda.

Mais, é esta unha situación de «normalidade»? Que sabemos da vivencia do lesbianismo ao longo dos séculos? Se nos detivermos a pensar un segundo en cinco lesbicas importantes da historia de Galiza, que nomes nos veñen á cabeza? Hai algún? Só un, dous? Non nos poderá acabar por acontecer como á raíña Vitoria de Inglaterra, que se negou a promulgar unha lei para penalizar o lesbianismo co argumento de que iso, simplemente, non era posíbel? Cales son as consecuencias deste apagado de historias de vida?

Reparar nese tipo de prexuízos axúdanos a entender o que lle aconteceu a unha outra cantiga do noso acervo medieval, que atribuímos á man de Pedro Eanes Solaz: «Dizia la ben-talhada». Cando lemos os manuscritos, parecen nítidos:



unha muller fermosa («ben-talhada») láíase por outra conxénere, nuns versos que van do despeito ás ansias do reencontro:

Dizia la ben-talhada:
«Agor'a viss'eu, penada,
ond'eu amor hei».

A ben-talhada dizia:
«Penad'a viss'eu un dia
ond'eu amor hei».

Ca, se a viss'eu, penada,
non seria tan coitada
ond'eu amor hei.

Penada, se a eu visse,
non ha mal que eu sentisse
ond'eu amor hei.

Quen lh'hoje por mí rogasse
que non tardass'e chegasse
ond'eu amor hei.

Quen lh'hoje por mí dissesse
que non tardass'e veesse
ond'eu amor hei.

Non hai, como vemos, nada de satírico nin de burlesco; do que se fala é da vivencia do amor, desde unha muller até outra muller. Por se a alguén non lle ficou claro: é un texto medieval de amor lesbico. Está na mesma liña que varios poemas en latín

Dizia la ben talhada
 agora n'usseu penada
 Ondeu amor ei

A ben talhada dizu
 penada n'usseu dia
 Ondeu amor ei

A ssea n'usseu penada
 n'õ sena tu cortada
 Ondeu amor ei

Penada sea eu n'usse
 n'õ amal q' eu sentisse
 Ondeu amor ei

Qu'el'hoie p'm rogasse
 q' no tardasse chegasse
 Ondeu amor ei

Qu'el'hoie p'm disse
 q' no tardasse uel'esse
 Ondeu amor ei

escritos en Baviera, que unha relevante tradición lírica peninsular en árabe e que un texto en occitano, «Na Maria, pretz e fina valors», atribuído á trobairitz Bieirs de Romans. Vaia, que aínda que nos testemuños do Medioevo que chegaron até nós é certo que rarean os textoslésbicos amatorios e enunciados en primeira persoa, esta composición en galego non está soa.

Todas as edicións realizadas no século XIX e todas as do XX, xunto con

Cantiga «Dizia la ben talhada», de Pedro Anes Solaz no Cancioneiro da Biblioteca Nacional - B 828. Disponível en <http://cantigas.fesh.unl.pt/>

algunhas do XXI, optaron por modificar, contra todo o rigor, aquilo que dicía o manuscrito: «ca, se a viss'eu, penada», transformouse en «ca, se o viss'eu, penada»; «Penada, se a eu visse», en «Penada, se o eu visse». Ten razón o medievalista Rip Cohen cando sinala que os primeiros en entenderen que era un textolésbico foron todos os investigadores que decidiron adulteralo.

Mutacións semellantes vivíronas outras cantigas en que se fala das relacións entre dous varóns, nas cales os redondísimos os finais de «namorado» e «guardado» viron como lle nacía na súa pasaxe á imprenta un rabecho final que os feminizaba e heterosexualizaba. Do mesmo xeito, houbo editores que propuxeron mudar (por favor, reparade ben...) «maridos» por «maridas», porque non vían «indicios polos que puidese acusarse ao poeta de homosexualidade». No que teñen razón é en que no seu caso non hai «indicios». Hai todo un texto. E, ben, as «maridas» que estes filólogos propoñen para heterosexualizar a cantiga simplemente non son filoloxicamente válidas.

Que facemos con todas estas composicións? Agochámolas? Deixámolas nas marxes porque «a interpretación debe ser libre» e a «vivencia plural da sexualidade» xa está «máis que normalizada»? Ou comezamos por introducilas, con todas as consecuencias, nos currículos? ♡